



CURSO:2022-2023

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia



# ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. UNHA FIESTRA ABERTA AO MUNDO  
POR QUE? E PARA QUE?
3. OBXECTIVOS
4. FASES DO PROXECTO
5. COMO SE DISTRIBÚE?
6. QUE TRABALLAMOS?
7. QUEN PARTICIPA?
8. COMO FAREMOS?
9. COMPETENCIAS
10. OBXECTIVOS AXENDA 2030
11. AVALIACIÓN

## **1. INTRODUCCIÓN**

### **“UNHA FIESTRA ABERTA AO MUNDO”**

A finais do curso pasado, fíxose unha pequena enquisa ao noso alumnado para coñecer as súas inquedanzas sobre o que querían aprender e que lles interesaba coñecer...e este é o resultado.

Este proxecto servirá como centro das diferentes actividades que se leven a cabo por parte do profesorado a nivel de aula, equipos docentes ou nos equipos de traballo, e serán incluídas nas diferentes programacións.

Será o núcleo sobre o que xirarán as diferentes actividades e propostas escolares para o curso 2022-23 e todas as conmemoracións do ámbito escolar.

Procuraremos que toda a comunidade escolar (alumnado, profesorado, persoal non docente, nais e pais, servizo de comedor, concello, ...) comparta este proxecto e participe activamente en todas as actividades que se desenvolvan na medida das posibilidades.

Durante o presente curso seguiremos a traballar en diferentes tipoloxías de texto, que se abordarán en todas as aulas.

O equipo de Biblioteca estará coordinado con todos os equipos do centro: E.D.L.G., TICS, Extraescolares, e Voz Natura.

## **2. O MUNDO**

### **POR QUE? E PARA QUE?**

PORQUE partindo da idea da Biblioteca como eixo unificador e dinamizador da actividade do Centro, programouse un proxecto documental integrado que tería dúas vertentes diferenciadas:

1ª. Actuacións encamiñadas ao desenvolvemento do Plan Lector, Formación de usuarios e competencia lingüística.

2ª Transversalidade: conmemoracións, festas tradicionais, interculturalidade, valores...

Para dar identidade ao devandito proxecto reuniuse o Equipo de Biblioteca e decidiu que a mellor forma de levalo a cabo era buscar as inquietudes do noso alumnado e posterior consenso do profesorado. Isto implicaría unha maior motivación, cohesión e satisfacción no traballo. Previo debate nos ciclos, propóñense desde estes varios temas. A xustificación para esta elección estivo baseada na decisión e votación dos nenos e nenas do centro ademais da variedade de alumnado estranxeiro presente nas aulas e a necesidade de abrir o centro a outras realidades que ata fai moi pouco non tiñan presenza na nosa contorna.

É unha oportunidade PARA...:

- ❖ Coñecer a existencia doutros países diferentes ao noso.
- ❖ Identificar lugares e paisaxes de diferentes países.
- ❖ Mostrar interese por coñecer a existencia doutras culturas.
- ❖ Interesarse por descubrir e buscar información acerca de diferentes países.
- ❖ Desenvolver actitudes de tolerancia e respecto cara a outras etnias e tradicións.
- ❖ Descubrir personaxes representativos de diferentes culturas.
- ❖ Investigar sobre os animais máis representativos de distintos países.
- ❖ Identificar alimentos e pratos típicos.
- ❖ Coñecer xogos e xoguetes de diferentes culturas.
- ❖ Descubrir artesanía, danzas, cantigas e instrumentos musicais propias das culturas estudadas.
- ❖ Mostrar interese polos monumentos propios dos distintos países.
- ❖ Coñecer a vivenda e vestimenta propia de cada cultura .
- ❖ Coñecer os problemas ambientais do mundo.
- ❖ Adquirir unha actitude positiva ante a lectura de contos populares e lendas de cada país.
- ❖ Traballar a competencia lingüística a través dos contos e lendas de distintos países.

- ❖ Traballar a competencia lingüística a través dos xogos de distintas culturas.
- ❖ Traballar VALORES:
  - Cohesionador
  - Hospitalario
  - Sostenibilidade
  - Creativo, innovador e contemporáneo
  - Perdurable
  - Experiencial
  - Multicultural
  - Espiritual e relixioso.
  - Participación
  - Descentralización
  - Igualdade
  - Transversalidade
  - Internacionalización

*“Todas as culturas do mundo teñen o mesmo dereito ao respecto, así como todos os individuos son iguais en canto ao libre acceso á cultura”*

*Yahima Esquivel.*

### **3. OBXECTIVOS**

Este proxecto, **“Unha fiesta aberta ao mundo”**, permitiranos poñer en práctica, entre outros, os seguintes obxectivos:

- Implicar a toda comunidade educativa, desenvolvendo a capacidade de traballar en equipo, logrando actitudes comunicativas, receptivas e tolerantes.
- Desenvolver ao longo de todo o proxecto a capacidade expresiva nas diferentes modalidades: oral, escrita, corporal e plástica.

- Utilizar as Tics para informarse, aprender e comunicarse, así como para producir textos e presentacións de modo eficiente e responsable.
- Comprender textos orais segundo a súa tipoloxía; literario (narrativos, lírico, dramáticos) e non literarios (informativos, instrutivos e normativos).
- Aprender a organizar informacións escritas e datos para elaborar un documento propio.
- Utilizar a elaboración de guións que axuden á busca ordenada da información, tanto en páxinas web como libros de consulta.
- Utilizar programas educativos dixitais e outros recursos didácticos ao seu alcance e propios da súa idade para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.
- Localizar e utilizar a información obtida de diferentes fontes e soportes.
- Integrar a cultura impresa e a cultura dixital.
- Coñecer as diferentes culturas e países do mundo que traballamos este curso.
- Coñecer a tradición literaria doutros países.

#### **4. FASES DO PROXECTO**

Os membros do Equipo de Biblioteca pensamos en desenvolver o proxecto nas seguintes fases:


- QUE SABEMOS?: Aquí analizaremos as inquietudes do alumnado e profesorado. Cos datos obtidos nos repartiremos os diferentes países a traballar e discutiremos sobre as posibles ideas que a maiores poidan xurdir en relación co proxecto.

- QUE QUEREMOS SABER?: Anotaremos todo o que queremos descubrir das culturas e países do mundo e decidimos en que orde imos investigar e buscar esa información.

- ONDE BUSCAMOS A INFORMACIÓN?: Recompilaremos información a través de todas as fontes dispoñibles: Internet, revistas, xornais, mapas, DVD, libros e familias.

## 5. COMO SE DISTRIBÚE?

Unha vez buscada a información precisa e recompilada toda a documentación e fondos documentais distribúese o traballo, seguindo un deseño de actividades conforme ao plan que presentamos a continuación:





## 6. QUE TRABALLAMOS?





A TRAVÉS DE DIFERENTES TIPOS DE TEXTO:



## 7. QUEN PARTICIPA?



## 8. COMO FAREMOS?



## 9. COMPETENCIAS,

As competencias clave para os efectos deste PROXECTO, son as seguintes:

- **Competencia en comunicación lingüística (CCL).**
  - Traballa poesías relacionadas cos países e autores propios de cada país.
  - Lecturas de cómics relacionados coas diferentes culturas.
  - Lendas e contos dos países.
  - Confeccionar un Pasaporte.
  - Recetas do mundo.
  - Frases co vocabulario correspondente.
  - Realizar quebracabezas, sopas de letras...
  - Realiza un dossier cos datos relevantes de cada país.
  - Realiza un dossier de prensa coas novas relevantes referidas aos diferentes países do mundo.
  
- **Competencia plurilingüe (CP).**

- Coñece outras linguas.
  - Aprende saúdos e formas básicas noutros idiomas.
  - Recoñece diferentes grafías e sentido da escrita.
  - Interesase pola sonoridade da pronuncia doutras linguas.
  - Aprende cancións en diferentes idiomas.
- **Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).**
    - Situar-se no tempo e no espazo..
    - Resolver problemas e ser capaces de aplicalos ás situacións da vida cotiá.
    - Aprende conceptos como: horario, o paso do tempo e numeración.
    - Coñecer o mapa do mundo e as fronteiras de cada país a escala, medidas e distancias.
    - Presuposto para facer un viaxe.
- **Competencia dixital (CD).**
    - Uso das tecnoloxías para elaboración, reprodución e representación.
    - Adquirir aprendizaxes e coñecementos sobre os países.
    - Utilización de mapas dixitais.
    - Valoración a utilización e o uso dos soportes dixitais.
- **Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).**
    - Asumir riscos e aprender dos erros, favorecendo a reflexión.
    - Aceptar as pequenas frustracións que poidan xurdir.
    - Darlles coñecementos básicos para que sexan capaces de investigar, seleccionar e facer a recompilación da información.
    - Favorecer a participación activa na aula potenciando o desenvolvemento da creatividade.
    - Opinar e reflexionar sobre as súas ideas respectando as opinións dos outros.

- Aprender dos coñecementos doutros nenos/as de diferentes idades.
  - Recoñecer e valorar a importancia do traballo en equipo.
- **Competencia cidadá (CC).**
    - Favorecer as relacións, integración, respecto e solidariedade entre os membros do grupo.
    - Participación de forma activa en situacións habituais en diversos contextos comunicativos.
    - Desenvolver destrezas e habilidades como a sensibilidade cultural e a superación de malentendidos e estereotipos sociais.
    - Traballar o concepto de multiculturalidade coñecendo costumes e tradicións.
    - Aprender comportamentos, valores de colaboración, participación, respecto... que favorecen a vida en sociedade e fomenta a autonomía e responsabilidade.
- **Competencia emprendedora (CE).**
    - Desenvolver a imaxinación e creatividade.
    - Utilizar a creatividade para poñer en marcha iniciativas, barallar posibilidades e solucións diversas.
    - Reflexionar sobre diferentes experiencias e aprendizaxes.
    - Valorar o seu traballo e o dos demais.
    - Confeccionar quebracabezas dos países, monumentos.....
- **Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).**
    - Asociar historias imaxinarias con acontecementos da vida real.
    - Valorar o papel da muller nos diferentes países.
    - Desenvolver o gusto polo arte .
    - A música e instrumentos do mundo: escoitamos e coñecemos músicas, estilos, danzas, instrumentos diferentes que hai no mundo.
    - Os diferentes deportes e xogos do mundo.
    - Debuxamos e confeccionamos murais.

- o Murais que representen os distintos países traballados.
- o Flora e fauna dos diferentes países.

## 10. O PROXECTO RELACIONADO COA AXENDA 2030.



Levarase adiante a través da biblioteca e relacionándoo co noso proxecto deste curso para contribuír ao desenvolvemento dos 17 ODS:

1. ERRADICACIÓN DA POBREZA. Acceso á información e recursos que xeran oportunidades.
2. ERRADICACIÓN DA FAME. Fomento da lectura crítica e concienciación.
3. SAÚDE DE CALIDADE. Acceso á información sobre saúde, benestar e hábitos saudables.
4. EDUCACIÓN DE CALIDADE: A biblioteca escolar debe garantir o acceso á educación inclusiva, de calidade e equitativa, e promover oportunidades de aprendizaxe ao longo da vida para todos.
5. IGUALDADE DE XÉNERO. A biblioteca escolar é un espazo de encontro seguro, onde atopar fondos nos que as mulleres sexan protagonistas, para así fomentar unha igualdade real.
6. AUGA POTABLE E SANEAMENTO. Acceso á información de calidade sobre proxectos relacionados coa boa xestión da auga.

7. ENERXÍAS RENOVABLES E ACCESIBLES. Acceso libre e seguro a electricidades e iluminación para ler, estudar e acceder á información sobre enerxías renovables a través de fondos específicos.
8. TRABALLO DIGNO E CRECEMENTO ECONÓMICO. Acceso á información e capacitación para encontrar mellores postos de traballo e condicións laborais.
9. INDSUTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUCTURAS. A biblioteca escolar debe contar con espazos agradables e inclusivos, e tecnoloxías da información.
10. REDUCCIÓN DAS DESIGUALDADES. A biblioteca escolar debe ser un espazo integrador e inclusivo que permita a aprendizaxe de todos e todas.
11. CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES. A biblioteca escolar promove o intercambio cultural así como a conservación do patrimonio cultural.
12. PRODUCCIÓN E CONSUMO SUSTENTABLE. Promover o intercambio e circulación de materiais que reduzan a produción de residuos.
13. ACCIÓN CLIMÁTICA. Acceso a materiais sensibilizados co cambio climático e que fomenten o coidado do medio ambiente.
14. PROTECCIÓN DA VIDA MARIÑA. Investigación e produción de materiais relacionados coa vida mariña, a súa fauna e flora.
15. PROTECCIÓN DA VIDA TERRESTRE. Acceso á información que promova un sistema sostible e que protexa a vida terrestre.
16. PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS EFICACES. Desenvolvemento de competencias necesarias para comprender e utilizar de forma crítica e segura a información. A biblioteca debe ser un espazo inclusivo que promova a paz e xustiza universal.
17. ALIANZAS PARA OBXECTIVOS. Formar parte dunha rede de institucións que forman plans de desenvolvemento local.

## **11. AVALIACIÓN**

Ao remate do curso escolar elaborárase unha memoria de actividades a modo de avaliación.

**Asumimos este proxecto como un reto tanto para profesorado como o alumnado, así como para toda a comunidade educativa, onde teremos que formarnos en distintos ámbitos relacionados cos diferentes países e as súas culturas. Tentaremos**

**incluir os retos propostos por bibliotecas escolares de Galicia para a Biblioteca escolar do 2023:**

**Reto 1:** Dotar de estabilidade ás bibliotecas escolares.

**Reto 2:** Promover un modelo de biblioteca escolar como espazo educativo á medida do proxecto de centro.

**Reto 3:** Concibir a biblioteca escolar como mediadora das lecturas no centro e situala no centro neuráxico das políticas públicas centradas na lectura, en todos os formatos, para todas as finalidades.

**Reto 4:** Promover unha visión da biblioteca escolar como o contexto privilexiado para o desenvolvemento das competencias mediáticas e informacionais, a alfabetización mediática (AMI) e como requisito para a construción do pensamento crítico.

Este proxecto documental integrado é novo, polo que organizaranse diferentes actividades atendendo á seguinte temática:

- Xestión técnica e organización.
- Dinamización.
- Formación de usuarios
- Fomento da lectura
- Educación para o acceso á información
- Apoio ao Proxecto Lector do Centro



Bibliotecas  
escolares  
de Galicia

